


POLÍTICA E OBXECTIVOS DE CALIDADE

Curso 2016/2017



Anexo IV. Política e Obxectivos de Calidade do Centro

Política de Calidade

A política de calidade do centro deriva da importancia que ten consolidar unha cultura de calidade no ámbito universitario, da súa consideración como un factor determinante para conseguir a satisfacción das expectativas formativas das súas egresadas e egresados e o seu recoñecemento nos ámbitos académicos, profesionais e sociais nos que se integran.

Para iso existe o compromiso de empregar todos os recursos humanos e materiais dispoñibles dentro do cumprimento da normativa vixente e en coherencia cos criterios e coas directrices establecidos. Así establécense as seguintes liñas xerais que constitúen a política de calidade do centro:

- Manter unha oferta formativa axustada ás demandas, ás necesidades e expectativas da sociedade, para consolidar altos niveles de calidade nas súas titulacións, sen renunciar ós fundamentos académicos da Universidade baseados no desenvolvemento do coñecemento, do espírito crítico, da capacidade de análise e de reflexión.
- Alcanzar o recoñecemento a nivel nacional e internacional da calidade docente a través da consecución das metas asociadas a indicadores académicos con especial relevancia aqueles que se relacionan coa satisfacción dos grupos de interese
- Facilitar a extensión da cultura da calidade e a formación continua en materia de calidade do persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos e do alumnado, fomentando a eficacia e continuidade dos sistemas e dos procesos a el vinculados.
- Asegurar a implantación, desenvolvemento e seguimento tanto do sistema de garantía interna de calidade (SGIC) como de todos os procesos vinculados coa calidade que afectan ao centro e as súas titulacións.
- Asegurar unha docencia, investigación, xestión e transferencia de coñecemento con perspectiva de xénero para remover os obstáculos que impiden unha igualdade real entre as mulleres e os homes.
- Acadar un compromiso permanente de mellora continua como norma de conduta, e propoñer e levar a cabo as accións necesarias para o mantemento e mellora da calidade.

Obxectivos de Calidade do Centro

<i>Procesos/ Procedementos</i>	<i>Obxectivos</i>	<i>Indicadores (incluídos no panel de indicadores do SGIC)</i>	<i>Meta 2016-2017</i>
AC- Xestión académica <i>PC04 Selección-admisión e matriculación de estudantes</i> DO- Docencia <i>DO-202 Promoción das titulacións</i>	Adaptar a oferta formativa á demanda sen renunciar aos fundamentos académicos da Universidade.	Evolución do estudiantado matriculado en cada curso académico	150 e 21
	Adaptar o perfil de ingreso do alumnado ao perfil requirido.	Ocupación da titulación	75% e 105%
	Captar un volume de estudiantado axustado á oferta de prazas.	Preferencia	75% e 200%
	Difundir a oferta formativa.	Adecuación	95% e 100%
DO-Docencia <i>DO-0201 Planificación e desenvolvemento da ensinanza</i>	Mellorar a planificación e desenvolvemento da titulación	Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento da ensinanza	—
		Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento da ensinanza	4,17/5 e 3,5/5
		Grao de satisfacción do alumnado coa planificación e desenvolvemento da ensinanza	3,6/5 e 4/5
	Mellorar os resultados académicos das titulacións	Duración media dos estudos	--
		Taxa de rendemento	72% e 68%
		Taxa de abandono	10% e 25%
Taxa de eficiencia		92% e 100%	
	Taxa de gradación	40% e 50%	

		Taxa de éxito	90% e 92%
		Tempo medio para atopar emprego	—
DO-Docencia <i>D01- Xestión dos programas formativos</i>	Xestionar de forma efectiva os programas formativos	Seguimento das titulacións	100% e 100%
		Acreditación das titulacións	100% e —
PE-Xestión de persoal	Mellorar a cualificación do PDI e do PAS	Cualificación do PDI	—
		Resultados de investigación de carácter académico	—
		% de PAS en programas de formación	50%
MC- Xestión da Calidade e Mellora Continua <i>MC05 Satisfacción das usuarias e usuarios</i>	Mellorar a satisfacción dos grupos de interese	Grao de satisfacción das persoas tituladas	—
		Grao de satisfacción das entidades empregadoras	—
		Grao de satisfacción do profesorado	4,15/5 e 4/5
		Grao de satisfacción do alumnado	3,75/5 e 3,5/5
DE- Dirección Estratéxica	Certificación da implantación do sistema de calidade do centro	Certificación da implantación de sistemas de calidade	2017

*Nota: No seguinte cadro recóllese unha lista de obxectivos de calidade institucionais, cada centro deberá alinearlos coa política de calidade e coas liñas estratéxicas, establecendo as metas oportunas en cada caso.

A maioría das metas que se contemplan neste cadro son relativas ao Grao de Xeografía e Historia, xa que a recén implantación do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural. Os datos sobre o máster que se inclúen nesta táboa, son os estimativos da Memoria do mesmo e inclúense xunto co dato do Grao.